



## Facultade de Filoloxía e Tradución

(\*)

Horarios

### Horarios

[http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=74](http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74)

## Grao en Linguas Estranxeiras

### Materias

#### Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G180V01501	Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés	2c	6
V01G180V01502	Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés	1c	6
V01G180V01503	Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés	1c	9
V01G180V01504	Terceiro idioma estranxeiro I: Francés	1c	9
V01G180V01505	Terceiro idioma estranxeiro I: Alemán	1c	9
V01G180V01506	Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués	1c	9
V01G180V01601	Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés	2c	6
V01G180V01602	Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés	2c	6
V01G180V01603	Historia do primeiro idioma estranxeiro: Inglés	2c	6
V01G180V01604	Segundo idioma estranxeiro V: Francés	1c	6
V01G180V01605	Segundo idioma estranxeiro V: Alemán	1c	6
V01G180V01606	Significado e discurso do primeiro idioma estranxeiro: Inglés	2c	6



**DATOS IDENTIFICATIVOS****Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés**

Materia	Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01501			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Alonso Alonso, María Rosa			
Profesorado	Alonso Alonso, María Rosa			
Correo-e	ralonso@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Factores internos e externos na aprendizaxe de linguas. Mecanismos de aprendizaxe. As destrezas lingüísticas e as súas aplicacións.			

**Competencias**

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C108	Comprender os mecanismos que subxacen á aprendizaxe das linguas estranxeiras.
C109	Adquirir factores internos e externos que interveñen na aprendizaxe propias dunha terceira lingua.

C110	Comprender os mecanismos de interacción existentes entre a primeira, segunda e terceira lingua.
C111	Aplicar os coñecementos adquiridos á realidade social e entender o papel da adquisición de linguas do mundo actual.
C112	Desenvolver a capacidade crítica necesaria para discernir os falsos conceptos existentes na aprendizaxe de linguas.
C113	Fomentar a capacidade de comunicación a través das linguas.
C114	Adquirir as nocións de multilingüismo e plurilingüismo e a súa aplicación á diversidade cultural.
C115	Comprender a diversidade lingüística, as linguas en contacto e as características distintivas do bo aprendiz de linguas.
C116	Desenvolver a aprendizaxe de linguas dentro dos diferentes contextos sociais e culturais.
C149	Familiarizarse coas características de aprendizaxe propias dunha terceira lingua.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Desenvolvemento da aprendizaxe de linguas dentro dos diferentes contextos sociais e culturais	A2 A4	B4 B5 B6 B12 B13	C110 C113 C115
Adquisición das ferramentas necesarias para analizar os factores que interveñen na aprendizaxe de segundas linguas	A3 A4 A5	B9	C108 C109 C112 C115
Comprensión do funcionamento de diferentes sistemas lingüísticos nos sus aspectos formais e conceptuais	A1 A3 A5	B8 B10	C111 C112 C116 C149
Facilitación do proceso de aprendizaxe de linguas estranxeiras	A3 A4	B7 B10	C108 C114 C149
Adquisición dos mecanismos internos comúns a aprendizaxe de linguas e dos elementos diferenciais	A2 A4	B1 B10 B12	C115
Comprender a diversidade lingüística, as linguas en contacto e as características distintivas da boa aprendizaxe de linguas	A1 A2 A3 A4 A5		

### Contidos

Tema	
Applied linguistics	Introducing second language acquisition
First Language Acquisition	First language acquisition theories Early childhood learning
FLA vs SLA	L1 and L2 acquisition compared L1 and L2 acquisition order
The linguistics of SLA	Contrastive analysis Error analysis Interlanguage Morpheme order studies The monitor model UG and functional approaches Current issues: Usage-based approaches
Learner factors	Biological: Age. Languages and the brain Cognitive: intelligence, aptitude, learning styles Experiential: Personality, motivation, attitude
Learning strategies	Types
L2 teaching and learning	Current issues

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	0	4
Lección maxistral	28	0	28
Resolución de problemas	20	25	45
Resolución de problemas de forma autónoma	0	73	73

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades iniciais para tomar contacto coa materia, os malentendidos máis comúns no seu estudo e os temas a tratar no curso.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia, dos seus obxectivos, metodoloxía e sistema de avaliación.
Resolución de problemas	Actividades complementarias á lección maxistral. O alumnado levará a cabo exercicios e probas de resolución de problemas, das que deben producir as solucións adecuadas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades nas que se formulen problemas ou exercicios relacionados cos materiais e nas que o alumnado debe traballar de forma autónoma.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A atención personalizada do alumnado realizarase durante o horario de titorías determinado pola profesora.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Presentacións feitas ao longo do curso	10	A2	B1	C108
			A4	B10	C111
Resolución de problemas de forma autónoma	Probas orais e/ou escritas sobre os temas tratados no curso. Estará dividida en dúas partes, 45% cada unha	90	A1	B1	C108
			A2	B4	C109
			A4	B5	C110
			A5	B6	C111
				B8	C112
				B9	C113
				B10	C115
	B12	C116			
	B13	C149			

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### 1ª edición de actas: avaliación continua

Haberá dúas probas que contarán un 90% da nota final (45% cada proba). Poden ser orais ou escritas, de ser escritas, unha delas pode consistir nun traballo. A primeira proba será a mediados de curso e a segunda a finais. O 10% da nota restante será as presentacións feitas polo alumnado na clase. A nota final será a suma desas tres notas. Se a nota final é suspenso, o alumnado deberá examinarse de toda a materia na segunda edición de actas. As probas faranse durante o período lectivo.

As presentacións feitas na clase non son recuperables. A non entrega dun traballo en tempo e forma de traballos ou de presentacións puntuará como cero.

Os/As alumnos/as que non poidan asistir a algunha das probas sexa cal sexa o motivo, deberán facer esa proba o día da proba de avaliación única. Este exame será na data marcada no período de exames no calendario aprobado na Xunta da FFT.

O alumnado que non curse a modalidade de avaliación continua deberá explicar razoadamente e por escrito os seus motivos nas dúas primeiras semanas do curso.

### 1ª edición de actas: avaliación única.

O alumnado que non se acolla á avaliación continua fará un exame de avaliación única con contidos teóricos e prácticos. Este exame computará coma o 100% da nota: a expresión formal contará un 50% e os contidos 50%.

Este exame será na data marcada no período de exames no calendario aprobado na Xunta da FFT.

### 2ª edición de actas

A segunda edición de actas (xullo) consistirá nunha proba cunha serie de cuestións teóricas e problemas para resolver semellantes aos que se teñan feito na clase. Este exame único final terá lugar no período de exames do mes de xullo, na data oficial fixada aprobada pola Xunta de FFT. Este exame computará coma o 100% da nota e terase en conta tanto o contido coma a expresión lingüística, que contarán como un 50% cada unha.

---

**Bibliografía. Fontes de información**

---

**Bibliografía Básica**

---

Ellis, R., **The study of SLA**, OUP, 1994

---

Ortega, Lourdes, **Understanding second language acquisition**, Routledge, 2011

---

**Bibliografía Complementaria**

---

---

**Recomendacións**

---

**Outros comentarios**

---

Recoméndase a lectura dos libros recomendados, a preparación das clases e o estudo continuo da materia.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés**

Materia	Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01502			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Figueroa Dorrego, Jorge Juan			
Profesorado	Figueroa Dorrego, Jorge Juan			
Correo-e	jdorrego@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Estudo da novela escrita en inglés por mulleres británicas durante os séculos XVIII e XIX.			

**Competencias**

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
C157	Sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira mediante o estudo dun certo número de autoras/es e textos provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
C158	Describir e analizar os trazos, temas, estilos e símbolos que se utilicen nos textos literarios que sexan obxectivo de estudo, relacionando estas características co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.

- C159 Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos máis apropiados, e expresando oralmente e por escrito esa reflexión crítica.
- C160 Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actividades de tolerancia e valores democráticos.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Realización de actividades que supoñan comprender e identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais, e culturais da literatura en lingua inglesa.	A1	B1	C157
	A2	B2	C158
	A3	B5	C159
	A4	B6	C160
	A5	B7	
	B9		
	B11		
Descrición e análise de textos literarios, atendendo a aspectos formais e temáticos, sintentizando ideas e relacionando uns textos con outros e co contexto no que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.	A2	B6	C157
		B11	C158
Preparación de presentacións orais, traballos escritos, exames e outras probas que expoñan a reflexión crítica do alumnado, e a súa capacidade para constuir argumentos sólidos, seguir convencións académicas, empregar evidencias e facer uso dos recursos máis apropiados.	A2	B7	C158
	A4	B9	C159
Participación en debates e outras actividades formativas en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e amosando actitudes de tolerancia e valores democráticos.		B11	C160
	A2	B6	C159
	A4	B7	C160
	B11		

### Contidos

Tema	
1. Introduction: the early woman writer and the novel.	1.1. Constructing women throughout history. 1.2. Prose fiction and early women writers.
2. The protest tradition and the seduction theme.	2.1. Delarivier Manley's <i>New Atalantis</i> (1709). 2.2. Eliza Haywood's <i>Fantomina</i> (1725). 2.3. Mary Wollstonecraft's <i>Maria, or The Wrongs of Woman</i> (1798).
3. The Gothic and the tradition of escape.	3.1. Ann Radcliffe's <i>The Romance of the Forest</i> (1791) and <i>The Mysteries of Udolpho</i> (1794). 3.2. Mary Shelley's <i>Frankenstein</i> (1818).
4. The didactic tradition: reforming and socialising heroines.	4.1. Mary Davy's <i>The Reform'd Coquet</i> (1724). 4.2. Charlotte Lennox's <i>The Female Quixote</i> (1752). 4.3. Frances Burney's <i>Evelina</i> (1778). 4.4. Jane Austen's <i>Northanger Abbey</i> (1818).
5. Victorian women novelists: passion, subversion, and social comment.	5.1. The Victorian period and novel. 5.2. Emily Brontë's <i>Wuthering Heights</i> (1847). 5.3. Charlotte Brontë's <i>Jane Eyre</i> (1847). 5.4. George Eliot.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	24	12	36
Seminario	24	48	72
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	24	26
Traballo	0	14	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación introdutoria dos obxectivos, contidos, materiais docentes, metodoloxía e avaliación relativos a esta materia.
Lección maxistral	Presentación teórica dos contidos desta materia.
Seminario	Análise e comentario de textos. Intercambio de ideas sobre dita análise, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, e amosando actitudes de tolerancia tal como se expón nas competencias da materia.



## Atención personalizada

Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	O profesor atenderá personalizadamente ao alumnado cara á preparación dos traballos e do exame a realizar nesta materia, durante o horario de titorías ao efecto.
Traballo	O profesor atenderá personalizadamente ao alumnado cara á preparación dos traballos e do exame a realizar nesta materia, durante o horario de titorías ao efecto.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	Análise e comentario de textos. Intercambio de ideas sobre dita análise, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, e amosando actitudes de tolerancia tal como se expón nas competencias da materia. Availarase a participación activa na aula e nos foros de Faitic en xeral.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6 B7	C157 C158 C159 C160
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame escrito sobre os contidos da materia, con preguntas de desenvolvemento e comentario de textos.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6 B7	C157 C158 C159 C160
Traballo	Dous traballos escritos nos que se constrúan argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, e empregando evidencias textuais, contextuais e críticas que corroboren ditos razoamentos.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6 B7 B9 B11	C157 C158 C159 C160

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

#### Avaliación continua.

O alumnado terá que entregar dous traballos escritos durante o cuadrimestre e facer un exame escrito final. O profesor informará do tipo de traballos e das datas de entrega ao comezo do cuadrimestre. A data do exame escrito será a data establecida no calendario oficial de exames que será publicado polo Decanato.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa claridade e corrección lingüística.

#### Avaliación única

O antedito sistema de avaliación está deseñado para o alumnado que asista regularmente ás clases. Aquelas persoas que, excepcionalmente e por algunha causa xustificada, non poidan asistir con regularidade ás sesións presenciais, deberán comunicarllo ao profesor da materia ao principio do cuadrimestre. Este alumnado deberá facer os traballos e o exame como o resto do alumnado, por un valor de 80% da nota final. O 20% restante da nota corresponderá a unha proba oral con preguntas sobre os textos de lectura obrigatoria. A data destas probas será a establecida no calendario oficial de exames. Os traballos poden entregarse nesta mesma data.

#### Segunda edición de actas (xullo)

Para a segunda edición de actas, o alumnado que faga avaliación continua ou única e que non aprobe algunha das partes nas que se divide a avaliación poderá volver a intentalo nas datas establecidas ao efecto, podendo conservar as outras notas. Para o alumnado que non teña ningunha nota de avaliación continua, o sistema será semellante ao de avaliación única especificado arriba (traballos, exame escrito e oral). As probas serán o día e hora que marque o calendario oficial de exames.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Austen, Jane, **Northanger Abbey**, Norton, 2004

Brontë, Charlotte, **Jane Eyre**, Norton, 1987

Haywood, Eliza, **Fantomina and Other Works**, Broadview Press, 2004

Shelley, Mary, **Frankenstein**, Norton, 1996

---

### **Bibliografía Complementaria**

Ballaster, Ros, **Seductive Forms. Women's Amatory Fiction from 1684 to 1740**, Clarendon Press, 1995

Copeland, Edward & Juliet McCaster (eds), **The Cambridge Companion to Jane Austen**, 2nd ed., Cambridge U.P., 2011

Figes, Eva, **Sex and Subterfuge: Women Writers to 1850**, Pandora, 1982

Gilbert, S.M. & S. Gubar, **The Madwoman in the Attic. The Woman Writer and the Nineteenth-Century Literary Imagination.**, 2nd ed., Yale U.P., 2000

Hogle, Jerrold ed, **The Cambridge Companion to Gothic Fiction**, Cambridge U.P., 2002

Marsh, Nicholas, **Jane Austen: The Novels**, Macmillan, 1998

Punter, David & G. Byron, **The Gothic**, Blackwell, 2004

Spencer, Jane, **The Rise of the Woman Novelist. From Aphra Behn to Jane Austen**, Oxford, 1986

Showalter, Eleine, **A Literature of Their Own: From Charlotte Brontë to Doris Lessing**, 2nd ed., Virago, 2009

Todd, Janet, **The Sign of Angellica: Women, Writing, and Fiction**, Columbia U.P., 1989

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01601

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

---

#### **Outros comentarios**

Recoméndase encarecidamente a participación activa nas aulas, particularmente nas clases prácticas onde se traballa o comentario de textos e se debaten interpretacións baseadas na análise detallada das lecturas obrigatorias. Tamén se aconsella participar nos foros de debate abertos na plataforma FAITIC.

O alumnado debe consultar os materiais e anuncios feitos en FAITIC, e estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Recoméndase tamén non recorrer ao plaxio total ou parcial nos traballos escritos, xa que iso suporá a anulación da nota obtida nos mesmos.

É recomendable tamén facer uso dos recursos da biblioteca universitaria para a preparación dos traballos e dos exames.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés**

Materia	Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés			
Código	V01G180V01503			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Meijide Rico, Belén María			
Profesorado	Meijide Rico, Belén María Tizón Couto, David			
Correo-e	bmeijide@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.faitic.uvigo.es">http://www.faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro e segundo cursos do Grao, até acadar un nivel avanzado (C2) nas competencias lingüística e comunicativa do idioma. Materia impartida con libro de texto e materiais complementarios de nivel C2.1.			

**Competencias**

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.

- C8 Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
- C9 Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.
- C11 Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.
- C12 Dominar a dimensión social da lingua e saber como utilizala en función do contexto.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprensión dos conceptos gramaticais básicos e a súa expansión.	A4	B3	C1	D2
	A4	B4	C2	D3
	A5	B5	C5	D9
		B5	C7	D10
		B6	C8	D16
		B8	C13	D17
		B9	C20	D20
		B10		
		B11		
Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A1	B3	C2	D2
	A3	B5	C9	D10
	A4	B13	C15	
	A5			
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A1	B1	C9	D1
	A3	B3	C11	D2
	A4	B4	C23	D3
		B5		D5
		B5		D8
		B6		D9
		B9		D10
		B11		D13
				D16
				D17
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de xeito escrito e oral co vocabulario e a organización apropiadas.	A1	B1	C8	D1
	A4	B8	C12	D2
	A5	B9	C21	D10
Familiarización con hábitos de traballo en equipo.	A2	B7	C11	D8
	A3	B10	C12	D9
	A5	B13	C34	D15
				D17
				D18
Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión orais no uso do vocabulario e na produción do discurso oral en base aos coñecementos adquiridos a través da lectura e da redacción.	A1	B1	C1	D1
	A4	B3	C2	D2
	A5	B7	C12	D3
		B8		D8
		B8		D9
				D10
				D16
				D17
				D20
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo centrándose na comunicación interpersonal e no contexto internacional que ofrece o primeiro idioma estranxeiro.	A1	B3	C2	D1
	A2	B10	C12	D2
	A5	B11	C27	D3
		B13	C41	D7
				D9
				D10
				D16
				D17
				D19
Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos á contextos orais e escritos.	A2	B3	C1	D1
	A5	B4	C35	D2
		B5	C36	D3
		B12	C37	D5
		B13		D7
				D9
				D15
				D17
				D20

Expansión dos coñecementos teóricos e prácticos para a súa posterior aplicación ao exercicio profesional.

A1 B1 C11 D1  
 A5 B2 C12 D3  
 B12 C18 D5  
 B13 D6  
 D7  
 D8  
 D9  
 D11  
 D14  
 D15  
 D16  
 D17  
 D20

## Contidos

Tema	
I. USE OF ENGLISH (grammar and vocabulary)	1. Phrasal and prepositional verbs. 2. Advanced conditional clauses. 3. Inversion. 4. Verb patterns: gerunds and infinitives, etc. 5. Advanced reported speech. 6. Advanced passive and causative structures. 7. Collocations and Register Tasks: transformations, multiple choice, cloze test.
II. LISTENING	1. Casual conversation. 2. News and interviews. 3. Documentaries. 4. Academic lectures and debates. 5. Advertisements. 6. Films. Tasks: multiple choice, multiple matching, sentence completion.
III. VOCABULARY	1. Daily Life. Idioms and everyday expressions. 2. Nature: Fauna and flora. 3. Official language: Politics and public institutions. 4. Press language: advertising and the mass media. 5. Academic language. Culture and technology. 6. British English and other varieties of English. Tasks: multiple choice, word formation, cloze test.
IV. READING	1. Newspaper and magazine articles. Literary passages: structural analysis; key words and ideas. 2. Scientific articles and essays: paraphrasing; contrasting; summarising main ideas. 3. Reports and proposals: analysis, argumentation and assessment. Tasks: multiple-choice text, gapped text, multiple matching.
V. WRITING	1. Summaries. 2. Reviews 3. Essays. 4. Letters to the editor. Tasks: drafting, editing, formatting and writing compositions.
VI. SPEAKING	Academic presentations on the topics discussed in class. 1. Aims and objectives. 2. Researching one's audience. 3. Presentation structure. 4. Script and visual aids. 5. Delivering one's presentation. 6. Handling questions. Tasks: giving presentations, addressing an audience, answering questions, debating and contrasting ideas.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	4	8
Lección maxistral	24	30	54
Traballos de aula	16	27	43
Prácticas autónomas a través de TIC	0	12	12
Presentación	16	32	48

Exame de preguntas obxectivas	4	12	16
Traballo	8	24	32
Probas de resposta curta	6	6	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Explicación por parte do profesorado de teoría do libro de texto no tocante a gramática, lectura, vocabulario e escoita segundo os contidos do curso. As explicacións teóricas íranse intercalando coa posta en práctica dos coñecementos adquiridos, mediante exercicios, debates u outras actividades.
Traballos de aula	Actividades de complemento ás sesións maxistras. Práctica e consolidación das destrezas de escoita, lectura e vocabulario.
Prácticas autónomas a través de TIC	Repaso das estruturas, construcións gramaticais e vocabulario estudadas nas unidades do curso por medio de cuestionarios en liña empregando o software do libro de texto.
Presentación	Práctica da escrita e da fala co lector/a do curso por medio da redacción de textos e presentacións orais nas clases prácticas en grupos reducidos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Orientación xeral e consultas na aula sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos.
Traballos de aula	Práctica das destrezas comunicativas e da aplicación dos contidos lingüísticos (Use of English). Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe.
Presentación	Práctica da destreza de expresión oral. Consultas sobre as probas de exposición na aula.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Proba sobre a os contidos de gramática e vocabulario (Use of English). Aplicación práctica dos contidos lingüísticos da materia. Revisión de probas .
Traballo	Atención en horario de titorías. Consultas sobre a planificación de traballos e presentacións.
Probas de resposta curta	Práctica das destrezas de comprensión oral e escrita. Orientación sobre as estratexias de aprendizaxe para conseguir resultados satisfactorios.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas autónomas a través de TIC	Exercicios en liña semellantes e complementarios aos discutidos nas clases de grupo único durante o curso empregando o software proporcionado polo libro de texto. O alumnado terá que subir evidencias do seu traballo de xeito regular á plataforma de autoaprendizaxe Faitic Tema. (Use of English)	10	A1 B5 C1 A5 B12
Presentación	Tres presentacións orais nos grupos de prácticas para o desenvolvemento da destreza de expresión oral e a competencia comunicativa (Speaking). Os temas e o calendario serán fixados polo profesorado das clases prácticas despois da organización dos grupos ao comezo das sesións presenciais.	20	A2 C1 A3 C2 A4 C9 A5 C12
Exame de preguntas obxectivas	Exame final comprensivo dos temas de gramática e vocabulario ( Use of English) impartidos ao longo do curso con exercicios tipo exame de Cambridge Proficiency e similares aos das unidades do libro de texto e o material complementario compartido na plataforma faitic.	20	B10 C1 B13 C8 C11 C12
Traballo	4 Traballos escritos que avaliarán a destreza de expresión escrita (writing). As datas de entrega fixaranse na plataforma faitic ao comezo do curso	20	A3 B9 C2 A4 B10 C9 A5 B11 C11 B13 C12
Probas de resposta curta	Dúas probas tipo test para avaliar as destrezas de comprensión oral e escrita (Listening 15%, Reading 15%)	30	A1 B10 C1 B13 C2 C12

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

O sistema de avaliación recomendado para este curso de inglés avanzado é o sistema de **avaliación continua**. O alumnado deberá participar de xeito regular e activo nas tarefas de aula e presentar os traballos, exercicios e presentacións, requiridos conforme aos prazos establecidos ao comezo do curso. O exame final comprensivo (Use of English: grammar and vocabulary) tipo test terá lugar na data oficial acordada e publicada na páxina web da facultade.

O alumnado poderá acollerse á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2) e ten que optar por escrito na segunda semana de clase asinando o documento específico.

### **A.1) Avaliación continua**

Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma. Para acollerse ao sistema de avaliación continua, se recomenda ao alumnado asistir e participar con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas así como realizar as tarefas e exercicios que se lle requiran. Para superar a avaliación continua será necesario:

1) Aprobar cada unha das destrezas comunicativas (writing: 20%, speaking: 20%, reading: 15% e listening: 15%) e a destreza lingüística (use of English: exercicios en liña : 10% e exame final: 20%)

Na segunda edición de actas (xullo ) o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.

2) Realizar 4 traballos escritos (20%), 3 presentacións orais (20%), 2 probas de comprensión escrita (15%) , 2 probas de comprensión oral (15%) e exercicios en liña de seguimento das unidades do libro de texto (10%). As datas de entrega dos traballos e da realización das probas anunciaranse na plataforma Faitic. Toda esta parte computará o 80% da cualificación final.

3) Aprobar unha proba final que constará dun test de resposta curta sobre os contidos lingüísticos (use of English: grammar and vocabulary). Esta parte computará o 20%. A proba final realizarase na data establecida no calendario oficial de exames aprobado en xunta de FFT.

As alumnas ou alumnos que suspendan a materia na primeira edición das actas terán que repetir e superar na segunda edición de actas en xullo aquelas partes da avaliación que non foron aprobadas. Gardarase a nota das partes aprobadas e as porcentaxes da cualificación final non variarán.

### **A.2) Avaliación única**

Aquelas persoas matriculadas que non poidan cumprir os requirimentos do curso coa regularidade esixida deberán comunicarllo de xeito razoado ao profesorado ao comezo das sesións presenciais e non farán avaliación continua. Para estas persoas existirá un modelo de **avaliación única** ao final do cuadrimestre por medio dun exame global e comprensivo sobre a materia e as destrezas do curso conforme ás seguintes porcentaxes:

- 1) Gramática e vocabulario (Use of English) (30% da cualificación final)
- 2) Expresión escrita (20% da cualificación final)
- 3) Expresión oral (20% da cualificación final)
- 4) Comprensión oral (15% da cualificación final)
- 5) Comprensión escrita (15% da cualificación final)

Este exame terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames aprobado en xunta de FFT.

As alumnas e alumnos que suspendan nesta modalidade de avaliación única na primeira edición das actas en decembro terán que repetir e superar na segunda edición de actas, en xullo, aquelas partes que teñan suspensas. Gardarase a nota das partes aprobadas e as porcentaxes da cualificación final non variarán.

## **B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)**

O alumnado que non se presente á avaliación continua ou á avaliación única na primeira edición das actas terá que facer **un exame das mesmas características que o exame de avaliación única de decembro**, coas mesmas cinco partes e as

mesmas porcentaxes:

- 1) Gramática e vocabulario (Use of English) (30% da cualificación final)
- 2) Expresión escrita (20% da cualificación final)
- 3) Expresión oral (20% da cualificación final)
- 4) Comprensión oral (15% da cualificación final)
- 5) Comprensión escrita (15% da cualificación final)

Este exame terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames aprobado en xunta de FFT.

## NOTAS

O alumnado en programas de intercambio con universidades estranxeiras que estea interesado en matricularse neste curso deberá ter en conta que o libro de texto e os materiais de clases complementarios están encamiñados á preparación do Cambridge Proficiency Exam e outros títulos semellantes de nivel C (C1-C2).

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

O uso de dicionarios, ordenadores ou outros aparellos electrónicos, con o sin conexión a internet, non está permitido durante as probas

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Capel, A. & W. Sharp, **Objective Proficiency (Student's book)**, Second edition, CUP, 2013

Mann, Malcom & S.T.Knowles, **Destination C1 & C2. Grammar and Vocabulary**, First edition, Macmillan, 2007

Vince, M., **English Grammar and Vocabulary**, Second edition, Macmillan, 2014

#### Bibliografía Complementaria

Sunderland, P. & E. Whetten., **Objective Proficiency (Workbook)**, Second edition, CUP, 2013

Brazil, D, **Pronunciation for Advanced Learners of English**, CUP, 1994

Greenall, S. & M. Swan, **Effective Reading**, CUP, 1995

Grellet, F, **Writing for Advanced Learners of English**, CUP, 1997

Hewings, M, **Advanced Grammar in Use**, CUP, 2005

Hewings, M, **Cambridge Grammar for CAE and Proficiency**, CUP, 2009

Jones, Leo, **New Progress to Proficiency**, Third edition, CUP, 2006

McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Vocabulary in Use**, CUP, 2002

McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Idioms in Use**, CUP, 2004

McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Phrasal Verbs in Use**, CUP, 2004

Moore, Julie, **Common Mistakes at Proficiency.... and How to Avoid Them**, CUP, 2005

Mylnarczyk, R. & S.B, **In Our Own Words**, CUP, 2007

Profesor materia, **Course 2018-19: complementary materials**, Faitic Tema, 2017

---

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

---

#### Outros comentarios

1.- Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na



adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula.

2.- Recoméndase tamén empregar os recursos da biblioteca dun xeito regular e eficaz no estudo e na redacción de traballos e presentacións.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Terceiro idioma estranxeiro I: Francés**

Materia	Terceiro idioma estranxeiro I: Francés			
Código	V01G180V01504			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Ripoll Delebourne, Virginia Teresa			
Profesorado	Agustín Guijarro, Javier de Ripoll Delebourne, Virginia Teresa			
Correo-e	vripoll@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Preténdese desenvolver as competencias de comprensión e expresión escrita e oral de xeito que o alumnado poida expresarse en francés nas situacións cotiás máis correntes e comprender textos de baixa dificultade acadando un nivel A2.			

**Competencias**

Código	
